

Convocatoria da Sesión Ordinaria da Xunta Goberno Local para o 11-09-2017 (XGL 19/2017)

Conforme ó ordenado pola Alcaldía, e de acordo co previsto no art. 113.1 e 2 do R.D. 2568/1986, como membro do seguinte órgano colexiado deste Concello, convócaselle á **sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local** que terá lugar na sala de xuntas do concello de carballo o **día 11-09-2017, ás 13:30 horas** en primeira convocatoria, e de non haber “quórum” suficiente, en segunda convocatoria unha hora despois.

Asi mesmo informáselle que a copia do borrador da Acta da sesión anterior foille remitida en formato PDF ó enderezo electrónico que consta na copia da notificación da convocatoria. Do mesmo xeito, comunícaselle que a partir desta data está á súa disposición, nesta Secretaría Xeral, a documentación dos asuntos que se inclúen na Orde do Día da presente convocatoria.

Sesión de: Xunta de Goberno Local	Data da sesión: 11-09-2017
Convocatoria: Sesión Ordinaria 19/2017	Hora: 13:30 h

Orde do día

1.- Acta da sesión anterior (28/08/2017). Aprobación

2.- Publicacións boletíns oficiais.

3.- Xulgados e Tribunais

4.- Decretos. Dación de conta

5.- Facturas. Aprobación.

6.- Convenios

6.1.- Convenio de colaboración entre o Concello de Carballo e a Asociación Cultural O MoletePsicopop para a realización do Festival Poxiriapop do ano 2017. (CONV. 30/2017). Aprobación.

6.2.- Convenio de colaboración entre o Concello de Carballo e a Deputación Provincial da Coruña, para a realización do programa "Rede Cultural 2017". (CONV. 18/2017). Addenda

7.- Subvencións

7.1.- Solicitud de axuda para actuacións encamiñadas á protección dos animais de compañía abandonados 2017.

8.- Aprobación das bases da V Competición de Webseries e do Premio a proxecto de webserie en galego Carballo Interplay 2018.

9.- Expedientes de responsabilidade patrimonial

9.1.- Expediente de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos no vehículo con matrícula 9507CCV por traballos da actividade Rexenera Fest (RPA 09/2017). Resolución.

9.2.- Expediente de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos no vehículo con matrícula 4573BXX por traballos da actividade Rexenera Fest (RPA 11/2017). Resolución.

10.- Licenzas de obra

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



10.1.- Licenza para vivenda unifamiliar en Xoane da Estrada, núm. 95, Goiáns, Carballo. Expte: 2017/U022/000001

10.2.- Denegación de licenza para o proxecto de cambio de gas e desmantelamento de instalacións de GLP en Carballo. Expte: 2017/U022/000028

11.- Licenzas de primeira ocupación.

11.1.- Licencia de Primeira Ocupación de edificio na Av. Flores nº 100.

12.- Expedientes de contratación. Aprobación.

12.1.- Contrato de obras de "Mellora e acondicionamento da Rúa Montevideo" (OBR. 21/2017) incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017" da Deputación Provincial da Coruña. Aprobación.

12.2.- Contrato administrativo de obras de "Reurbanización Rúa Río" (OBR. 22/2017) incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017" da Deputación Provincial da Coruña. Aprobación.

13.- Expedientes de contratación. Adjudicación.

13.1.- Contrato de obras de "Reforma pavillón CEIP San Luis Romero" (OBR. 14/2017). Adjudicación.

14.- Rogos e preguntas

O que se notifica ós correspondentes efectos.

En proba da recepción da convocatoria e a orde do día, sívase asinar a presente.

Carballo, xoves 7 de setembro de 2017

O Secretario

D. José Villán Fuertes